

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 28 DE OUTUBRO DE 2013

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 8:37 horas do día 28 de outubro de 2013, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Panceiras, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asisten: don Iván Puentes Rivera e dona Rita María Couto Sejjido

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

Punto único. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, de proxectos de obra: "Camiño do Ladeiro e Outros", "Aglomerado do camiño do Campanario na parroquia de Limodre", "Aglomerado do camiño de Almieiras na parroquia de Limodre", "Proxecto de reforma e mellora da eficiencia enerxética no alumeadado público de Cabanas e Fene" e "Proxecto de camiño Carballás – campo de fútbol (Perlío) e outros"

Consta no expediente os proxectos, informes técnicos e xurídicos e a seguinte proposta da alcaldía:
"PROPOSTA DA ALCALDÍA"

O Concello de Fene está inmerso na tramitación dunha subvención nominativa a conceder pola Deputación Provincial da Coruña.

Para a implementación de dita subvención elaboráronse os seguintes proxectos técnicos:

1 Proxecto de obra "Camiño do Ladeiro e Outros" de xullo de 2013 (RXE núm 6870 de 02.08.2013), asinado por don Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, canles e portos. Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro 1de camiños, canles e portos municipal como informado en data 16.10.2013.

2 Proxecto de obra "Aglomerado do camiño do Campanario na parroquia de Limodre" de xullo do 2013 (RXE núm. 6284 de 10.07.2013), asinado por don Igor Vergara Otero, enxeñeiro de camiños, canles e portos. Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado en data 11.10.2013. Xúntase tamén escrito asinado polo redactor do proxecto e documento calificado como "acta de replanteo previo" asinada polo redactor do proxecto en data 10.07.2013.

3 Proxecto de obra "Aglomerado do camiño de Almieiras na parroquia de Limodre" de xullo de 2013 (RXE núm. 9182 de 18.10.2013), asinado por don Igor Vergara Otero, enxeñeiro de camiños, canles e portos. Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado en data 21.10.2013. Xúntase tamén escrito asinado polo redactor do proxecto e documento calificado como "acta de replanteo previo" asinada polo redactor do proxecto en data 10.07.2013

Os proxectos foron obxecto de informes polos servizos técnicos municipais e xurídicos, favorables en canto ao contido do proxecto pero desfavorables en canto á súa aprobación en tanto non se obtiveran as perceptivas autorizacións sectoriais.

O 14.06.2013 asinouuse o "Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas e Fene para a reforma e mellora da eficiencia enerxética no alumeadado público de Cabanas e Fene" polo que os concellos asinantes acordan a xestión compartida do "proxecto de reforma e mellora da eficiencia enerxética no alumeadado público de Cabanas e Fene" redactado polo enxeñeiro técnico industrial, don Juan Manuel Rey Gómez en xuño de 2013, o cal foi informado favorablemente polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal o 21.10.2013 e pola secretaría municipal o 22.10.2013.

Mediante resolución do 13 de setembro de 2013 da Axencia Galega de desenvolvemento Rural (AGADER) aprobouse o Plan Marco: Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014.

O Concello de Fene acordou a súa participación no citado Plan co proxecto "Camiño Carballás-Campo de Fútbol (Perlio) e Outros" redactado polo enxeñeiro de camiños Julio C. Rojo Martínez en outubro de 2013

O 14.10.2013 o enxeñeiro de camiños, canles e porto municipal emite informe en relación ao proxecto que di: <<(../...)4. En resume, o Proxecto infórmase favorablemente con carácter previo en canto aos aspectos urbanísticos, viabilidade de actuación a partir da existencia previa dos viais de titularidade municipal, conveniencia de actuación e admisibilidade da solución técnica, debendo entenderse como actuacións de reparación xa que non se recolle a adaptación dos viais ás larguras previstas no PXOM/Rev.98.

Previamente á aprobación definitiva debería requirirse que se engadan (p.ex.como Adenda) os planos de situación en relación co planeamento e tramitar, no seu caso, as autorizacións perceptivas dos organismos con competencias de afección citados que poderán interpoñer ás obras que, no seu caso, haberían de incorporarse ao proxecto>>

Consta no expediente informe da secretaría municipal 256/2013 de que di: <<(../...) CONCLUSIÓN: o pleno é o órgano competente para a aprobación do proxecto "CAMIÑO CARBALLÁS-CAMPO DE FUTBOL (PERLIO) E OUTROS" precisando para a súa aprobación, a previa obtención das autorizacións da Consellería de Cultura, Augas de Galicia e Dirección da área de industria e enerxía da Delegación do Goberno en Galicia.

Deberase cursar as oportunas comunicacións á empresa distribuidora ou propietaria da servidume subterránea de LMT, debendo realizarse o replanteo conxunto da obra, tal e como se pon de manifesto neste informe.

En tanto non se obteñan ditas autorizacións, infórmase desfavorablemente a aprobación do proxecto.>>

Á vista de que o pleno é competente para a aprobación dos presentes proxectos, en base ao artigo 22.2 ñ) LBRL, ao non estar previstos no orzamento municipal, propoño ao pleno municipal á adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar o proxecto "Camiño do Ladeiro e Outros" elaborado por don Julio C. Rojo Martínez presentado no rexistro xeral de entrada municipal o 02.08.2013 co núm. 6870 de 02.08.2013.

Segundo: Aprobar o proxecto "Aglomerado do camiño do Campanario na parroquia de Limodre" elaborado por don Igor Vergara Otero presentado no rexistro xeral de entrada municipal o 10.07.2013 co núm. 6284.

Terceiro: Aprobar o proxecto "Aglomerado do camiño de Almieiras na parroquia de Limodre" elaborado por don Igor Vergara Otero presentado no rexistro xeral de entrada municipal o 18.10.2013 co núm. 9182.

Cuarto.-Aprobar o "Proxecto de reforma e mellora da eficiencia enerxética no alumeadado público de Cabanas e Fene" redactado polo enxeñeiro técnico industrial don Juan Manuel Rey Gómez en xuño de 2013 respecto da parte correspondente ao Concello de Fene.

Quinto.-Aprobar o proxecto "Camiño Carballás-Campo de Fútbol (Perlio) e Outros" redactado polo enxeñeiro de camiños don Julio C. Rojo Martínez en outubro de 2013 presentado no rexistro xeral de entrada municipal o 11.10.2013 co núm. 8964.

Fene, 23 de outubro do 2013
O alcalde-presidente

Gumersindo Pedro Galego Feal"

Sometida a votación a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, esta é aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes, quedando, polo tanto, o asunto incluído en dita orde.

Aberto o debate, toma a palabra o vicevoceiro do grupo socialista, don Antón Lois Noceda Carballo, quen di que os camiños obxecto dos proxectos precisan de amaño, pero vendo que novamente se volveu convocar un pleno extraordinaria sen comisión informativa previa e nos informes emitidos advírtese de que na case totalidade dos proxectos faltan as autorizacións pertinentes e que algúns camiños son privados, o seu grupo, á vista das condicións nas que se trae o expediente, non pode votar a favor.

Por parte do grupo do BNG, o seu voceiro, o concelleiro don Manuel Polo Gundín, anuncia a abstención do seu grupo inda que os proxectos non veñen como lles gustaría, xa que non se ve esforzo por adaptar os camiños ás previsións do PXOM, faltan informes favorables e, inda que hai cuestións administrativas solventables, as cuestións políticas e de traballo merecen ser criticadas.

Por parte do grupo mixto, a concelleira dona María Carmen Martínez Rodríguez comparte o expresado polos grupos da oposición e anuncia a súa abstención.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 9 abstencións (4 do grupo socialista, 4 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Primeiro: Aprobar o proxecto "Camiño do Ladeiro e Outros" elaborado por don Julio C. Rojo Martínez presentado no rexistro xeral de entrada municipal o 02.08.2013 co núm. 6870 de 02.08.2013.

Segundo: Aprobar o proxecto "Aglomerado do camiño do Campanario na parroquia de Limodre" elaborado por don Igor Vergara Otero presentado no rexistro xeral de entrada municipal o 10.07.2013 co núm. 6284.

Terceiro: Aprobar o proxecto "Aglomerado do camiño de Almieiras na parroquia de Limodre" elaborado por don Igor Vergara Otero presentado no rexistro xeral de entrada municipal o 18.10.2013 co núm. 9182.

Cuarto.-Aprobar o "Proxecto de reforma e mellora da eficiencia enerxética no alumeadado público de Cabanas e Fene" redactado polo enxeñeiro técnico industrial don Juan Manuel Rey Gómez en xuño de 2013 respecto da parte correspondente ao Concello de Fene.

Quinto.-Aprobar o proxecto "Camiño Carballás-Campo de Fútbol (Perlio) e Outros" redactado polo enxeñeiro de camiños don Julio C. Rojo Martínez en outubro de 2013 presentado no rexistro xeral de entrada municipal o 11.10.2013 co núm. 8964.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 8:41 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria



Dilixenza: acta aprobada en sesión de 7.11.2013

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas

C.I.F.: P-1503600-G